

mmàis

EXPOSICIÓN A CORUÑA

Francisco Otero
Entre aceiro e asfalto.
Casa Museo Casares
Quiroga /
Até o 1 de agosto
◆ Escenografía baseada
no industrial e no urbano.
Técnicas: acrílica e mixta.



ESPECTÁCULO BOIRO

Esperanza Mara e Vella
Escola
Ópera Break's.
Praia de Barraña /
7 de xullo /
20.30 horas



NARRACIÓN A GALIZA

Festival Atlántica
Seguen os contos /
Diferentes concellos /
Programación para adultos
e público familiar / Até o
domingo 11 de xullo



CONCERTO A CORUÑA

High jazz society
Sala Garufa /
7 de xullo /
20 horas
◆ Concerto dentro do ciclo
do Xacobeo



Marta Iglesias durante unha representación do espectáculo 'C'est pas possible'. / Sempre Arriba

CLOWN ORDES

C'est pas possible!

Un espectáculo clown con acrobacias aéreas

Mar Álvarez | Nós Diario

Esta noite, na alameda de Ordes, decorrerá, ás 20.30 horas da noite, un espectáculo ao estilo *clown* que pretende evadir as persoas espectadoras da rutina. O show, chamado *C'est pas possible* ("non é posíbel", en francés), xunta esencia circense, linguaxe clown e mesmo acrobacia aérea que pretende comunicar directamente co público.

Trátase dun espectáculo de rúa cunha duración de 45 minutos e apto para todos os públicos, desde as crianzas máis pequenas até as persoas de maior idade. A artista que leva a cabo este show é Marta Iglesias, da



A condutora e protagonista do espectáculo 'C'est pas possible' facendo aéreo. /

Sempre Arriba

compañía de Clown e Circo que promove este espectáculo, Sempre Arriba. *C'est pas possible* é a primeira performance unipersonal á que dá vida Iglesias, quen disfruta de usar o *clown*, ou as "pallasadas", como elemento comunicativo.

O espectáculo xa percorreu diferentes cidades do Estado español, acadando sempre moi boas críticas, tanto por parte do público como por diferentes medios estatais. O show, caracterizado polo humor, a maxia e a tenrura, conta cun fío dramático moi sinxelo que pretende transmitir unha historia universal: a necesidade de esquecer a rutina para sermos quen de disfrutar. Un tema

perfecto co que abrir este xullo de 2021 e conseguir deixar a un lado as preocupacións, os prazos, o traballo e o estrés para gozar de novo da xente querida e da diversión, aínda que sexa só durante os tres cuartos de hora que dura o espectáculo.

Esta historia de autosuperación, volverá á Galiza ao longo do verán, a concellos como Sada, Melide ou Outes, segundo informa a páxina da propia compañía.

◆ **Compañía Sempre Arriba / C'est pas possible**
20.30 horas / Alameda de Ordes / Gratuito, prazas até completar capacidade.